



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VALDOVIÑO, CELEBRADA EN DATA DEZ DE NOVEMBRO DE DOUS MIL VINTE E DOUS

Expte: 2022/G007/000038

En Valdoviño na Sala de Xuntas da Casa do Concello anexa á Alcaldía, ás dez horas, do día dez de novembro de dous mil vinte e dous, reúnense en primeira convocatoria os membros da Xunta de Goberno local baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, don Alberto González Fernández: Dona Rosa Ana García López e don Sergio Saavedra Gutiérrez. Non asiste por causas xustificadas: dona Jessica Sabín Fernández e don Alejandro Antonio García Sousa.

Actúa como secretaria a que o é da Corporación dona Carlota González Navarro, e aberta a sesión pola Presidencia, celebrase a sesión co debate e votación dos asuntos da Orde do Día.

PARTE RESOLUTIVA

1º.- APROBACIÓN DE GASTOS. RELACIÓN DE FACTURAS F/2022/49.-

PROPOSTA DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA

“Conforme relación de facturas confeccionada polos Servizos Económicos do Concello de Valdoviño baixo o número F/2022/49 e remitida a Intervención municipal, a contía total da mesma ascende a SETENTA E SETE MIL NOVE CENTOS SEIS EUROS CON SETENTA E OITO CÉNTIMOS (77.906,78 €). Neste senso, as 3 facturas que integran a relación de facturas núm. F/2022/49 figuran como anexo á proposta efectuada

Visto o Informe de Intervención n.º EMP 113/2022 con resultado de fiscalización favorable con observacións emitido en data 9 de novembro do 2022.

En virtude do enunciado no artigo 21. f) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local na súa redacción dada pola Lei 11/1999, do 21 de abril e a Lei 57/2003, do 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local.

PROPOÑO

Primeiro.- Aprobar a relación de facturas F/2022/49 segundo a relación confeccionada polos servizos económicos do Concello de Valdoviño.

Segundo.- Autorizar o correspondente pagamento da devandita relación de facturas por importe de SETENTA E SETE MIL NOVE CENTOS SEIS EUROS CON SETENTA E OITO CÉNTIMOS (77.906,78 €).

Mándao e asínoa dixitalmente o Alcalde, Alberto González Fernández, na data indicada a marxe.”

A Xunta de Goberno local, mediante votación ordinaria e por unanimidade dos asistentes á sesión (3 membros dos 5 que conforman dito órgano), acordou a aprobación da proposta de Alcaldía que antecede

2º.-EXPEDIENTES DA ÁREA DE OBRAS E URBANISMO.-

A.- Licenza de 1ª ocupación

PROPOSTA DE ALCALDÍA

“- **Expte 03/2021.-** [REDACTED] - Para a licenza de primeira ocupación de vivenda unifamiliar sita en [REDACTED] parroquia de [REDACTED] Valdoviño e que se corresponde co expediente de obras 01/2018, licenza municipal concedida en Xunta de Goberno Local de data 10 de maio de 2018.

Visto o informe do arquitecto municipal de 7 de novembro de 2022 no que conclúe que o edificio executado reúne as condicións establecidas para destinalo ao uso previsto (vivenda) polo que informa **favorable** a licencia de 1ª ocupación,

Esta Alcaldía en uso das competencias atribuídas pola lei 7/1985 de 02 de abril Reguladora das Bases de Réxime Local, propón a Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte **ACORDO:**

Primeiro.- Conceder ao petionario [REDACTED] a licenza de 1ª ocupación de vivenda unifamiliar sita en [REDACTED] parroquia de [REDACTED] Valdoviño, segundo o disposto no artigo 143.4 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, so solo de Galicia e do artigo 355.3 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

Segundo.- Practicaráselle a liquidación da taxa por expedición de licencia de 1ª ocupación, o importe de 85,95 euros.

Terceiro.- Notifíquese o presente acordo ao interesado e dese traslado do mesmo ao negociado de Urbanismo para o seu trámite; así coma aos servizos económicos para os debidos efectos.

Valdoviño, 8 de novembro de 2022
O Alcalde,
Asinado/Alberto González Fernández/”

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos asistentes (3 dos seus 5 membros), aprobou a proposta anteriormente transcrita.

B.-Validar información técnica

PROPOSTA DE ALCALDÍA

“- Expte. de obras 296/2021.- [REDACTED] **E** [REDACTED]
[REDACTED] - Para as obras de construción de vivenda unifamiliar
aillada (inclúe cerres de parcela) na parcela situada no [REDACTED] na parroquia de
[REDACTED] Valdoviño (referencia catastral nº 15088A034005710000HJ), e de acordo coa
documentación técnica achegada e asinada polo arquitecto Ramón Montero Cereijo.

Concédesse a licenza de construción de vivenda unifamiliar aillada (inclúe cerres de parcela) en Xunta de Goberno Local de data 09.06.2022 condicionada á aportación da documentación debidamente visada: Proxecto de execución visado, estudo básico de seguridade e saúde visado e nomeamento do arquitecto técnico ou aparellador como director de execución da obra, visado polo correspondente colexio profesional e un modelo homologado por dito colexio.

En data 08.09.2022 co núm. de rexistro 202299900001368 apórtase ao expediente o proxecto de execución de vivenda unifamiliar e o Estudo básico de seguridade e saúde visados no 02.09.2022.

En data 17.10.2022 co núm. de rexistro 2022999000001603, apórtase ao expediente o nomeamento do arquitecto técnico como director técnico de execución da obra e coordinador de seguridade e saúde a nome de Javier Castro Rodríguez e visado o 29/09/2022

E Visto que a documentación que se aportou ao expediente é conforme e completa, segundo o informe do arquitecto municipal de data 7 de novembro de 2022 en sentido **FAVORABLE**.

Esta **ALCALDÍA** en uso das competencias atribuídas polo art. 21 da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, propón a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Dar por válida a documentación técnica achegada en data 09.09.2022, rexistro de entrada 202299900001368 e 17.10.2022 co rexistro de entrada 202299900001603, podendo dar comezo ás obras incluídas na licenza correspondente ao expediente 296/2021.

- Proxecto de execución, visado
- Estudo básico de seguridade e saúde visado
- Nomeamento de arquitecto técnico como director de execución da obra e coordinador de seguridade e saúde a nome de Javier Castro Pérez.

Segundo.- Dado que o orzamento reflexado no proxecto de execución non varía con respecto a do proxecto básico non hai variación na liquidación practicada no acordo de concesión da licenza de data 09.06.2022.

Terceiro.- Notifíquese o presente acordo ó interesado e dese traslado do mesmo ao negociado de Urbanismo.

Valdoviño, 9 de novembro de 2022.
O Alcalde,
Asinado/Alberto González Fernández”

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos asistentes (3 dos seus 5 membros), aprobou a proposta anteriormente transcrita.

3º.-EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN: SUBMINISTRO DE CARTELERÍA DE SEÑALIZACIÓN VIARIA “SEÑALIZACIÓN DE CALLES, RUEIROS, LUGARES E PARROQUIAS” DO CONCELLO DE VALDOVIÑO (POS +2022).

Expte nº: 2022/C005/000001

Vista a circular sobre a aprobación do Plan Provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan Único de Concellos) 2022.

Vista a providencia de Alcaldía de data 08 de novembro de 2022.

Visto e o informe de necesidade que constan no expediente da súa razón, no que manifesta a necesidade de acudir á contratación para poder facer fronte as carencias que se manifestan na falta de actualización , o deterioro e a falta de uniformidade en canto o deseño e materialidade.

Visto o informe xurídico emitido pola Secretaria no que se establece o procedemento aplicable, así como a proposta de pregos de prescricións técnicas e cláusulas administrativas particulares que rexeran a contratación e que constan no expediente da cabeceira.

Visto o documento contable de retención de crédito.
Considerando o informe de fiscalización en sentido favorable da Interventora de data 10 de novembro de 2022.

Despois de examinar a documentación achegada, de conformidade co establecido na disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público, a Xunta de Goberno Local en votación ordinaria e por unanimidade dos asistentes **ACORDA:**

PRIMEIRO: Aprobar o expediente de contratación, mediante procedemento aberto, tramitación ordinaria, único criterio de adxudicación factor prezo, do subministro de cartelería de sinalización viaria “sinalización de calles, rueiros, lugares e parroquias” do Concello de Valdoviño, cun orzamento base de licitación 42.916,28 € (IVE do 21% incluído), ao abeiro do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2022”.

SEGUNDO: Aprobar os correspondentes pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que rexerán o contrato e o proceso de adxudicación; pregos de contratación mediante procedemento aberto (cun único criterio de adxudicación, factor prezo)

das obras comprendidas no Plan provincial de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) 2022 Deputación Provincial da Coruña.

TERCEIRO: Aprobar os correspondentes pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que rexerán o contrato e o proceso de adxudicación.

CUARTO: Autorizar con cargo á aplicación orzamentaria 453.62500 do orzamento municipal do exercizo 2022

QUINTO: Publicar o corresponde anuncio no perfil do contratante deste concello aloxado na plataforma de contratación do sector público.

Esta é a miña proposta, non entanto a Xunta de Goberno Local aprobará o que estime máis convinte.

En Valdoviño, na data da sinatura electrónica.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE POLO SR. ALCALDE ALBERTO GONZÁLEZ FERNÁNDEZ.

4.- ADXUDICACIÓN CONTRATO MENOR DE SERVICIOS AO ABEIRO DAS AXUDAS A ENTIDADES LOCAIS DE GALICIA PARA O FINANZAMENTO DE ACTUACIÓNS EN MATERIA DE RESIDUOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL LIÑA 1 E 2.

Retírase da orde do día para completar o expediente dado a súa complexidade.

5.-ADXUDICACIÓN CONTRATO MENOR DE SUBMINISTRO AO ABEIRO DAS AXUDAS A ENTIDADES LOCAIS DE GALICIA PARA O FINANCIAMENTO DE ACTUACIÓNS EN MATERIA DE RESIDUOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL. LIÑA 1.

PROPOSTA DE ALCALDÍA PRESIDENCIA

“Conforme o artigo 26.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local a entidade local deberá prestar o *servizo de recollida de residuos*, transporte e tratamento dos residuos domésticos xerados nos fogares, comercios e servizos ofertados no Concello de Valdoviño tendo en consideración o disposto no artigo 22 da Directiva 2018/851 do Parlamento Europeo e do Consello do 30 de maio do 2018 pola que se modifica a Directiva 2008/98/CE sobre a separación e reciclaxe de residuos en orixe ou ben recollida de forma separada a máis tardar o 31 de decembro de 2023, o que coincide co disposto na Lei 6/2021, de 17 de febreiro, de residuos e solos contaminados de Galicia.

Ao abeiro das axudas a entidades locais de Galicia para o financiamento de actuacións en materia de residuos de competencia municipal, cofinanciadas polo Fondo Europeo relativo ao Mecanismo de Recuperación e Resiliencia da Unión Europea no marco do Plan de Recuperación, transformación e resiliencia da Unión Europea Next Generation EU o

Concello de Valdoviño impulsará a xestión e recollida separada en orixe de residuos domésticos potenciando a prevención e valorización dos biorresiduos.

Vista a Resolución das Axudas convocadas ao abeiro da *Orde do 30 de novembro do 2021 pola que se establecen as Bases reguladoras para a concesión de axudas a entidades locais de Galicia para o financiamento de actuacións en materia de residuos de competencia municipal, cofinanciadas polo Fondo Europeo relativo ao Mecanismo de Recuperación e Resiliencia da Unión Europea no marco do Plan de Recuperación, transformación e resiliencia da Unión Europea Next Generation EU*, o Concello de Valdoviño resultou beneficiario de dita subvención tanto na Línea 1 como Línea 2.

Estando interesada a entidade local na contratación do suministro de caldeiros domésticos de biorresiduos, contenedores para a vía pública, bolsas compostables de uso doméstico e bolsas e fundas compostables para biorresiduos de grandes xeradores cuxo valor estimado é inferior a 15.000 euros, foron solicitadas tres ofertas ás empresas AMTEVO MEDIO AMBIENTE S.L. con C.I.F. núm. B62604806, BAYGAR S.L. con C.I.F. núm. B12019659 e PROMOPLASTIC ARTICREVER S.L. con C.I.F. núm. B53962635.

Consta na contabilidade do orzamento de gastos do Concello de Valdoviño a retención de crédito con número 220220007081 por importe de 42.685,34 euros con cargo á aplicación 1621 22799.

Conforme ao disposto no artigo 118 en relación ca Disposición adicional segunda da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público e atribucións conferidas pola Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, esta Alcaldía

PROPÓN

Primeiro.- Adxudicar a empresa BAYGAR S.L. con C.I.F. núm. B12019659 o contrato menor de suministro de caldeiros domésticos de biorresiduos, contenedores para a vía pública, bolsas compostables de uso doméstico e bolsas e fundas compostables para biorresiduos de grandes xeradores por ser a mellor oferta para os intereses do Concello de Valdoviño en función da relación calidade prezo formulada e cuxo orzamento ascende a 10.070,83 € (IVE engadido) fronte aos 10.348,53 € (IVE engadido) ofertados por AMTEVO MEDIO AMBIENTE S.L. con C.I.F. núm. B62604806 e PROMOPLASTIC S.L. con C.I.F. núm. B53962635.

Segundo.- Autorizar e comprometer o gasto correspondente á execución do suministro de caldeiros domésticos de biorresiduos, contenedores para a vía pública, bolsas compostables de uso doméstico e bolsas e fundas compostables para biorresiduos de grandes xeradores a adxudicar mediante contrato menor con cargo á aplicación orzamentaria 1621 22799 do Orzamento municipal, de acordo co establecido no artigo 185 do texto refundido da Lei

Reguladora das Facendas Locais aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo.

Terceiro.- Conforme o artigo 118.6 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro do 2014, o contrato menor de suministro de caldeiros domésticos de biorresiduos, contenedores para a vía pública, bolsas compostables de uso doméstico e bolsas e fundas compostables para biorresiduos de grandes xeradores, será publicado na forma prevista no artigo 63.4 para facer constar o obxecto, importe de adxudicación con IVE engadido e identidade do adxudicatario.

Cuarto.- Notificar ao adxudicatario **BAYGAR S.L. con C.I.F. núm. B12019659** o presente acordo, con indicación dos recursos que procedan ao respecto.”

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos asistentes (3 dos seus 5 membros), aprobou a proposta anteriormente transcrita.

6º.-ADXUDICACIÓN CONTRATO MENOR DE SUBMINISTRO AO ABEIRO DAS AXUDAS A ENTIDADES LOCAIS DE GALICIA PARA O FINANCIAMIENTO DE ACTUACIÓN EN MATERIA DE RESIDUOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL. LIÑA 2.

PROPOSTA DE ALCALDÍA PRESIDENCIA

“Conforme o artigo 26.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local a entidade local deberá prestar o *servizo de recollida de residuos*, transporte e tratamento dos residuos domésticos xerados nos fogares, comercios e servizos ofertados no Concello de Valdoviño tendo en consideración o disposto no artigo 22 da Directiva 2018/851 do Parlamento Europeo e do Consello do 30 de maio do 2018 pola que se modifica a Directiva 2008/98/CE sobre a separación e reciclaxe de residuos en orixe ou ben recollida de forma separada a máis tardar o 31 de decembro de 2023, o que coincide co disposto na Lei 6/2021, de 17 de febreiro, de residuos e solos contaminados de Galicia.

Ao abeiro das *axudas a entidades locais de Galicia para o financiamento de actuacións en materia de residuos de competencia municipal, cofinanciadas polo Fondo Europeo relativo ao Mecanismo de Recuperación e Resiliencia da Unión Europea no marco do Plan de Recuperación, transformación e resiliencia da Unión Europea Next Generation EU* o Concello de Valdoviño impulsará a xestión e recollida separada en orixe de residuos domésticos potenciando a prevención e valorización dos biorresiduos.

Vista a Resolución das Axudas convocadas ao abeiro da *Orde do 30 de novembro do 2021 pola que se establecen as Bases reguladoras para a concesión de axudas a entidades locais de Galicia para o financiamento de actuacións en materia de residuos de competencia*

municipal, cofinanciadas polo Fondo Europeo relativo ao Mecanismo de Recuperación e Resiliencia da Unión Europea no marco do Plan de Recuperación, transformación e resiliencia da Unión Europea Next Generation EU, o Concello de Valdoviño resultou beneficiario de dita subvención tanto na Línea 1 como Línea 2.

Estando interesada a entidade local na contratación do suministro de composteiros domésticos e kits aireadores cuxo valor estimado é inferior a 15.000 euros, foron solicitadas tres ofertas ás empresas VERMICAN SOLUCIONES DE COMPOSTAJE SL. con C.I.F. núm.B71066153, ALARICANA DE OBRAS E CONSTRUCCIONS S.L. con C.I.F. núm. B2331258 e TALLERES ARMENDARIZ S.L. con C.I.F. núm. B71366066.

Consta na contabilidade do orzamento de gastos do Concello de Valdoviño a retención de crédito con número 220220007081 por importe de 42.685,34 euros con cargo á aplicación 1621 22799.

Conforme ao disposto no artigo 118 en relación ca Disposición adicional segunda da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público e atribucións conferidas pola Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, esta Alcaldía

PROPÓN

Primeiro.- Adxudicar a empresa VERMICAN SOLUCIONES DE COMPOSTAJE S.L con C.I.F. núm. B71066153 o contrato menor de suministro de composteiros domésticos e kits aireadores por ser a mellor oferta para os intereses do Concello de Valdoviño en función da relación calidade prezo formulada e cuxo orzamento ascende a 7.961,80 € (IVE engadido) fronte aos 8.215,90 € (IVE engadido) ofertados por ALARICANA DE OBRAS E CONSTRUCCIONS S.L. con C.I.F. núm. B2331258 e TALLERES ARMENDARIZ S.L. con C.I.F. núm. B71366066.

Segundo.- Autorizar e comprometer o gasto correspondente á execución do suministro de composteiros domésticos e kits aireadores a adxudicar mediante contrato menor con cargo á aplicación orzamentaria 1621 22799 do Orzamento municipal, de acordo co establecido no artigo 185 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo.

Terceiro.- Conforme o artigo 118.6 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro do 2014, o contrato menor de suministro de composteiros domésticos e kits aireadores, será publicado na forma prevista no artigo 63.4 para facer constar o obxeto, importe de adxudicación con IVE engadido e identidade do adxudicatario.

Cuarto.- Notificar ao adxudicatario **VERMICAN SOLUCIONES DE COMPOSTAJE S.L con C.I.F. núm. B71066153** o presente acordo, con indicación dos recursos que procedan ao respecto.”

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos asistentes (3 dos seus 5 membros), aprobou a adxudicación do contrato menor anteriormente transcrita.

PARTE ACTIVIDADE

7º.- ROGOS E PREGUNTAS.-

Non se formularon rogos nen preguntas.

E sen máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde levantou a sesión, ás dez horas e trinta minutos do día ao principio indicado, e eu, como Secretaria, CERTIFICO o contido da presente acta.

/Documento asinado electrónicamente á marxe pola secretaria municipal e polo alcalde/